

A Deputación publicou un libro sobre a Virxe do Cristal, unha obra colectiva de memoria e reivindicación cultural

La Voz Ourense

O traballo nace como resposta tras o asasinato do párroco Adolfo Enríquez e o roubo da histórica imaxe

27 de febreiro de 2026

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/ourense/ourense/2026/02/27/span-langgl-deputacion-publicou-libro-sobre-virxe-do-cristal-unhaobra-colectiva-memoria-reivindicacion-culturalspan/0003_202602027C6996.htm

O Centro Cultural Marcos Valcárcel acolleu a presentación do libro *A Virxe do Cristal: lenda, roubo, asasinato*, unha publicación colectiva que reivindica a memoria histórica, a identidade cultural e o valor simbólico dun dos elementos patrimoniais máis singulares da provincia. O acto contou coa participación do presidente da Deputación de Ourense, Luis Menor, encargado de pechar a presentación, xunto co alcalde de Celanova e coordinador do proxecto, Antonio Puga; as críticas literarias Tareixa Taboada e Mercedes Gallego; e o autor e coordinador da obra, Xosé Manuel del Caño. A cita reuniu arredor de medio cento de artistas e escritores que participan neste traballo coral arredor da Virxe do Cristal.

A presentación iniciouse cunha actuación musical de María do Ceo, quen interpretou unha peza composta por Armando González inspirada nesta emblemática figura, nun acto no que tamén se realizou a cesión simbólica de obras por parte dos escultores participantes. A obra nace como resposta cultural aos feitos que marcaron profundamente á comunidade tras o asasinato do párroco Adolfo Enríquez e o roubo da histórica imaxe, acontecementos que deixaron unha fonda pegada social e emocional. O libro reúne creacións literarias e artísticas de máis de cincuenta autores e artistas, converténdose nun testemuño colectivo que contribúe a manter viva esta tradición e o seu valor simbólico.